



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 316 /2016, DO 12 DE XULLO .

Vista a necesidade administrativa de proceder á convocatoria é a provisión, mediante o sistema de concurso - oposición, en réxime de dereito laboral temporal dos seguintes postos, ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2016 publicado no BOP núm. 118 do 22/06/2016 polo que se concede unha subvención de 37.000,00 € ao Concello de Cabana de Bergantiños para a execución do programa denominado "Integración laboral a través da execución de obras e dos servizos mínimos municipais do Concello de Cabana de Bergantiños", dos seguintes postos:

Postos	CUADRILLA DE OBRAS E CUADRILLA DE LIMPEZA
Tipo de contrato	LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DE INTERÉS SOCIAL
Número de postos	- Cuadrillas de limpeza: 1 capataces e 3 peóns de limpeza viaria a xornada parcial. - Cuadrilla de obras: 1 oficial de segunda e 4 peóns a xornada parcial.
Duración do contrato	3 meses a cuadrilla de limpeza  4 meses a cuadrilla de obras.
Xornada	parcial

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 301/2016 do 6 de xullo, se acordou convocar, con carácter urgente, o proceso selectivo para os postos citados

Atendendo á base 6 das bases aprobadas, tendo en conta a urxencia da convocatoria así como ao escasez de persoal especializado no concello, en virtude da competencia atribuída pola LRBRL no seu art. 21.1 h) en materia de persoal, visto o informe de Secretaría do 12/07/2016, **RESOLVO:**

**Primeiro:** nomear ao seguinte tribunal selectivo para o proceso descrito:

Presidente: José M. Varela Lema. Suplente: José M. Parga Eiroa.

Secretaria: M<sup>a</sup> Cristina Candal Rey. Suplente: Yolanda Ímia Antelo.

Vogais:

- Patricia Chas Filgueiras. Suplente: M<sup>a</sup> Margarita Docanto Alonso.
- Silvana Facal Martínez. Suplente: Cristina Morandeira Muíño

- M<sup>a</sup> Elisa Fernández González. Suplente: Martín Martínez Rioboo

**Segundo:** notificar este acordo aos membros do tribunal selectivo así como copia das bases do proceso selectivo.

**Terceiro:** dar conta ao pleno na vindeira sesión que se celebre e publicar este acordo na páxina web municipal así como no taboleiro de editos do Concello, indicando que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cabana de Bergantiños, 12 de xullo de 2016.

O alcalde,

Asdo.- José María Domínguez.

